

TALLER DE COCIÑA HAMBURGUESAS GOURMET

Descrición: Nesta actividade aprenderás a elaborar distintas hamburguesas dende os diferentes panecillos artesáns, a elaboración da hamburguesa (de tenreira e boi, atún vermello e vexetal), os diferentes ingredientes que se poden engadir ata as salsas coas que aliñalas. Finalmente degustaremos as diferentes creacións.

Datas de realización: Xoves, 22 de maio.

Horario: De 19 a 21,30 h.

Duración: 2,5 h.

Lugar: Dependencias de Hello Cooking (Rúa de Sar 96, Baixo)

Destinatarios: mozos e mozas, de 16 a 30 anos, prioritariamente.

Prezo: 10 €

TALLER DE APRENDER A TECER CON CALCETA

Descrición: Taller destinado á aprendizaxe e práctica do tecido coa técnica da calceta para confeccionar as túas propias prendas con lá, trapillo, etc.

Datas de realización: Mércores 2, 9, 23 e 30 de abril

Horario: De 18 a 19:30 h.

Duración: 6 h.

Lugar: Faino ti tenda (Rúa de San Pedro 89, Baixo)

Destinatarios: mozos e mozas, de 14 a 30 anos, prioritariamente.

Prezo: De balde

TALLER PARA APRENDER A TECER CON GANCHILLO

Descrición: Utilizando a técnica do ganchillo, este taller servirache para facer as túas propias creacións aproveitando esta tendencia que está moi de moda entre a xente moza.

Datas de realización: Mércores, 7, 14, 21 e 28 de maio.

Horario: De 18 a 19:30 h.

Duración: 6 h.

Lugar: Faino ti tenda (Rúa de San Pedro 89, Baixo)

Destinatarios: mozos e mozas, de 14 a 30 anos, prioritariamente.

Prezo: De balde

TALLER DE AMIGURUMI

Descrición: O amigurumi é unha tendencia xaponesa que consiste en tecer pequenos bonecos con técnicas de croché ou ganchillo. Neste taller aprenderás as técnicas a empregar para a súa confección.

Datas de realización: Xoves, 8 e 15 de maio.

Horario: De 18 a 19:30 h.

Duración: 3 h.

Lugar: Faino ti tenda (Rúa de San Pedro 89, Baixo)

Destinatarios: mozos e mozas, de 14 a 30 anos, prioritariamente.

Prezo: De balde

TALLER DE ELABORACIÓN DE VELAS

Descrición: Nesta actividade aprenderás as nocións básicas para a creación de velas para decorar o teu cuarto ou casa. Aplicarase a técnica usando parafina para realizar unhas velas orixinais e personalizadas.

Datas de realización: Xoves, 24 de abril.

Horario: De 18 a 20 h.

Duración: 2 h.

Lugar: Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal O Ensanche

Destinatarios: mozos e mozas, de 14 a 30 anos, prioritariamente.

Prezo: De balde

TALLER DE ELABORACIÓN DE XABÓNS DECORATIVOS

Descrición: Taller práctico no que aprenderás a facer xabóns artesáns, utilizando diferentes elementos como flores secas, herbas aromáticas, purpurinas, etc.

Datas de realización: Xoves, 8 de maio.


Horario: De 18 a 20 h.

Duración: 2 h.

Lugar: Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal O Ensanche

Destinatarios: mozos e mozas, de 14 a 30 anos, prioritariamente.

Prezo: De balde



Información e inscricións:

Concellería de Xuventude
CSC e Xuvenil Municipal O Ensanche
Frei Rosendo Salvado 14-16 Baixo
15701 Santiago de Compostela
Tlfn: 981 543 001/ Fax: 981 543 002
dptoxuventude@santiagodecompostela.org



ACTIVIDADES FORMATIVAS

DA CONCELLERÍA DE XUVENTUDE

Febreiro-Xullo 2014

CURSO DE MONITOR
DE TEMPO LIBRE

CURSO BÁSICO DE LINGUA
DE SIGNOS

CURSO DE CONVERSA
EN ALEMÁN. NIVEL BÁSICO

CURSO DE COACHING LABORAL
CURSO DE PREPARACIÓN
DE ENTREVISTA DE TRABALLO

TALLER DE COCIÑA CUP-CAKES

TALLER DE COCIÑA SUSHI

TALLER DE COCIÑA
HAMBURGUESAS GOURMET

TALLER PARA APRENDER
A TECER CON GANCHILLO

TALLER DE APRENDER
A TECER CON CALCETA

TALLER DE AMIGURUMI

TALLER DE ELABORACIÓN
DE VELAS

TALLER DE ELABORACIÓN
DE XABÓNS DECORATIVOS

CURSO DE NARRACIÓN
FOTOGRAFICA
CURSO DE REALIZACIÓN
DUN PROXECTO FOTOGRAFICO

Aberto o prazo de inscrición!

ACTIVIDADES FORMATIVAS DA CONCELLARÍA DE XUVENTUDE

A Concellería de Xuventude do Concello de Santiago pon a disposición dos mozos e mozas da cidade diferentes actividades formativas para atender aos seus intereses e motivacións, impartindo unha serie de cursos con distintas temáticas, en colaboración con profesionais e colectivos locais especializados nos sectores ofertados.

CURSO DE MONITOR DE TEMPO LIBRE

Descrición: Curso Oficial que capacita aos participantes para ser monitores de tempo libre, requisito indispensable á hora de levar a cabo actividades de ocio e tempo libre, de realizar campamentos ou accións socioculturais e formativas.

Os contidos teóricos do curso divídese nos seguintes **bloques temáticos:**

- 1.- Bases Psicosociolóxicas da educación no tempo libre
- 2.- Bases pedagóxicas da educación no tempo libre
- 3.- Área de animación: técnicas e recursos do monitor de tempo libre
- 4.- Lexislación vixente para actividades de tempo libre

Ademais esta actividade, leva consigo a realización de 150 h. prácticas que se poden articular en programas municipais, o unhas diferentes asociacións e entidades que cumbran os requisitos axeitados.

Datas de realización: 18, 19, 20, 21, 27, 28 de xuño e 17, 18, 19, 20, 21, 22, 23, 24, 26, 27, 28, 29, 30 e 31 de xullo

Horario: De 9 a 14 h. e de 16,30 a 21,30 h.

Duración: 350 horas (200 horas teóricas e 150 horas prácticas)

Lugar: Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal

O Ensanche / Centro Xuvenil Don Bosco

Destinatarios: mozos e mozas, a partir de 18 anos.

Prezo: 170 para empadroados e 270 para non empadroados.

CURSO BÁSICO DE LINGUA DE SIGNOS

Descrición: A lingua de signos danos a oportunidade de comunicarnos coas persoas xordas e xordocegas do noso contorno social e tamén de ampliar a nosa formación e abrir a porta a novas expectativas profesionais, grazas ao coñecemento dunha lingua oficial no ámbito estatal recoñecida dende o ano 2007. Con este curso poderás aprender coñecementos básicos de lingua de signos nun contexto ameno, cunha metodoloxía baseada na participación activa e cooperativa, a través de dinámicas grupais, xogos de roles e tendo en conta que ti es o protagonista do teu propio proceso de aprendizaxe.

Datas de realización: Do 5 de marzo ao 30 de abril

Horario: Luns e mércores de 17 a 19 h.

Duración: 30 h.

Lugar: Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal

O Ensanche

Destinatarios: mozos e mozas, de 14 a 30 anos,

prioritariamente.

Prezo: 15 €

CURSO DE CONVERSA EN ALEMÁN. NIVEL BÁSICO

Descrición: Trátase de aproximar a un grupo de mozos e mozas á lingua alemá, partindo dun nivel básico de coñecemento desta lingua. Tratarase de que adquiran vocabulario, recursos orais, e soltura.

Datas de realización: Do 5 de marzo ao 14 de maio

Horario: Mércores de 17 a 19 h.

Duración: 20 h.

Lugar: Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal

O Ensanche

Destinatarios: mozos e mozas, de 14 a 30 anos, prioritariamente.

Prezo: De balde

CURSO DE COACHING LABORAL

Descrición: Este curso pode ser unha grande oportunidade para todas aquelas persoas que perderon o seu posto de traballo, a motivación no profesional ou que queren acceder por primeira vez a un entorno laboral. Trátase de dar apoio, soporte e guía nun proceso de autocoñecemento no que trataremos de dotar de experiencias positivas aos nosos proxectos, visións e obxectivos laborais, tratando de recoñecer os nosos puntos fortes e apoiarnos neles para lograr un maior desenvolvemento profesional.

Datas de realización: 7, 14 e 21 de maio

Horario: Mércores de 16:30 a 20:30 h.

Duración: 12 h.

Lugar: Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal

O Ensanche

Destinatarios: mozos e mozas, a partir de 16 anos.

Prezo: De balde

CURSO DE PREPARACIÓN DE ENTREVISTA DE TRABALLO

Descrición: Con esta actividade preténdese en dúas sesións a mellora das habilidades que entran en xogo á hora de desenvolverse nunha entrevista de traballo. Trátase de determinar os teus puntos fortes e febles para que a partir do autocoñecemento poidas desenvolverte con éxito nunha entrevista laboral.

Datas de realización: 26 e 28 de maio

Horario: Luns 26 de 16 a 19 h. e mércores 28 de 16,30 a 21,30 h.

Duración: 8 h.

Lugar: Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal

O Ensanche

Destinatarios: mozos e mozas, a partir de 16 anos.

Prezo: De balde

CURSO DE NARRACIÓN FOTOGRÁFICA

Descrición: Así como un escritor usa as verbas para plasmar unha historia, neste curso aprenderás a utilizar a cámara para facelo a través das túas fotografías. Aprenderás técnicas e recursos necesarios para plasmar sentimentos, accións e circunstancias nas túas fotografías que representarán unha narración.

Datas de realización: 25 e 26 de abril e 9 e 10 de maio.

Horario: Venres de 17-21 h. e sábados de 10-13:30 h.

Duración: 15 h.

Lugar: Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal

O Ensanche

Destinatarios: mozos e mozas, de 14 a 30 anos, prioritariamente.

Prezo: De balde

CURSO DE REALIZACIÓN DUN PROXECTO FOTOGRÁFICO

Descrición: A través de catro pasos básicos: documentación, toma de imaxes, edición e socialización, crearemos un proxecto fotográfico personalizado coa intención de crear material fotográfico para crear un recurso expositivo que poderás presentar ao público.

Datas de realización: 6, 7, 13, 14, 20, 21, 27 e 28 de xuño.

Horario: Venres de 17 a 21 h. e sábados de 10 a 13,30 h.

Duración: 30 h.

Lugar: Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal O Ensanche

Destinatarios: mozos e mozas, de 14 a 30 anos, prioritariamente.

Prezo: De balde

TALLER DE COCIÑA CUP-CAKES

Descrición: Neste curso aprenderás a facer e decorar estes dóces. Explicarase como facer unha boa masa e consellos a ter en conta, como realizar o buttercream ou o fondant e as técnicas de tinguido, e manexo de cortadores, texturizadores, moldes, sprinkles ou purpurinas. Como resultado final realizarás e decorarás 6 cupcakes que te levarás a casa na túa bandexa transportadora.

Datas de realización: Xoves, 27 de marzo

Horario: De 19 a 21,30 h.

Duración: 2,5 h.

Lugar: Dependencias de Hello Cooking

(Rúa de Sar 96, Baixo)

Destinatarios: mozos e mozas, de 16 a 30 anos, prioritariamente.

Prezo: 10 €

TALLER DE COCIÑA SUSHI

Descrición: Nesta actividade aprenderás a preparar un tipo de sushi tradicional. Describíranse os ingredientes e utensilios que forman para dunha mesa de traballo para preparar sushi, os tipos de pescado idóneos e a súa preparación. Elaboraranse diferentes tipos de rolos xaponeses e posteriormente degustaranse.

Datas de realización: Xoves, 24 de abril

Horario: De 19 a 21,30 h.

Duración: 2,5 h.

Lugar: Dependencias de Hello Cooking

(Rúa de Sar 96, Baixo)

Destinatarios: mozos e mozas, de 16 a 30 anos, prioritariamente.

Prezo: 10 €

